



JOSÉ EMILIO DOFORNO GUZMÁN, coordinador Sector Admón. Autonómica de CCOO de Galicia, con domicilio a efectos de comunicación, no Edificio Sindical, na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8-C - San Lázaro - Santiago de Compostela, por medio do presente escrito,

EXPOÑO:

- 1.- Que á organización que represento lle están a chegar moitas queixas en relación ao 2º exercicio (proba de informática), para o acceso ao grupo C2 (corpo de Auxiliares Administrativos), polo turno de acceso libre.
- 2.- Que as bases no apartado II.1.2. establecen que: Segundo exercicio: consistirá na realización de unha proba práctica con vinte (20) preguntas tipo test, máis cinco (5) de reserva, con respostas alternativas na que os aspirantes poñan de manifesto o coñecemento e manexo de paquetes ofimáticos no contorno MS Office 2010 e LibreOffice 4.2.4 (folla de cálculo, procesador de textos). O exercicio terá unha duración máxima de corenta minutos (2 minutos por pregunta). Consideramos que é pouco tempo para a excesiva dificultade que supoñían as preguntas formuladas, o que constitúen dous elementos que descualifican a quen propuxo o exercicio e invalidan a súa idoneidade para seleccionar auxiliares administrativos.
- 3.- Que na páxina da EGAP aparece un manual bastante sinxelo sobre o manexo de Libre Office (pódese descargar aquí: <http://egap.xunta.gal/temarios/temariosPorCategoria/13>), que xunto con outros manuais semellantes e cos exercicios de convocatorias precedentes, son as referencias que teñen os opositores para preparar este exame, pois as bases o que recollen é demasiado xenérico.
- 4.- Que aínda entendendo que certas manifestacións dos opositores/as poden obedecer a cuestións subxectivas, o certo é que non se poden pasar por alto varios aspectos totalmente reais e obxectivos:
 - a) A proba de informática vén, dende hai anos, subindo de nivel exponencialmente, e así o demostra a comparación entre o exame do 2003 e o último do que falamos (xúntase copia dos exercicios da convocatoria de 2016 e da de 2003, para que se constate o que estamos denunciando).

b) No caso que nos ocupa, o exercicio está máis pensado para programadores de informática que para auxiliares administrativos, aos que se lles pide coñecementos de informática a nivel de usuario.

c) O nivel de dificultade que tiña o exercicio non se correspondía co tempo que se daba para poder realizalo en condicións normais (era practicamente imposible contestar as 20 preguntas no tempo que se daba).

d) O tribunal non tivo en conta, á hora de escoller as preguntas deste exercicio, que o exercicio estaba dirixido a persoal do grupo C2 (auxiliar administrativo), cuxo traballo fundamental non é a informática, senón o apoio administrativo, onde se utilizan aplicacións informáticas de características moi intuitivas que facilitan cada vez máis o seu manexo.

e) Se permitimos que a proba de informática acade un nivel case de programador de informática, en vez de usuario de informática que é o que estamos seleccionando (auxiliares administrativos con coñecementos de informática a nivel de usuario), o primeiro exercicio de temas perde o seu valor, pois se o que finalmente decide é a proba de informática, non estamos escollendo aos mellores para facer precisamente o traballo de apoio administrativo, que é o que corresponde co grupo C2, senón expertos en informática que logo verán frustradas as súas expectativas laborais no traballo cotián.

f) A proba de informática estase a converter nun xogo de habilidade máis que nunha demostración da preparación dos programas que se requiren na convocatoria. De forma que quizais o mellor preparado non é o que consegue pasalo, senón o máis hábil, dando como resultado que moitos opositores do grupo C2 queden fóra por non superar un exercicio que se asemella máis a unha proba para a escala de informática.

g) Se se trata de seleccionar aos mellores para o posto de auxiliar administrativo, consideramos que non é correcto que sexa o máis hábil informaticamente falando, senón que deberían ser os que globalmente demostraron estar mellor preparados para desenvolver un posto de auxiliar administrativo.

3.- Que estas denuncias están sendo postas en coñecemento do propio tribunal, así como da Valedora do Pobo.

Por todo isto, **SOLICITO:**

- 1.- **Que se anule o 2º exercicio correspondente ao grupo C2 (acceso libre) por non axustarse nin ao grupo profesional, nin ao contido do programa, pois de chegar estas denuncias aos tribunais, poderían causar logo un maior prexuízo, se estes obrigasen a repetir dito exercicio así como a anular o nomeamento dos funcionarios/as aprobados.**
2. **Que se repita o 2º exercicio, adaptando nesta ocasión as preguntas a coñecementos de informática a nivel de usuario.**
- 3.- **Que en todo caso se revisen e se anulen todas as preguntas que exceden en dificultade dos coñecemento de informática a nivel de usuario.**

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017



Presidente/a Tribunal proceso selectivo – grupo C2 (auxiliar administrativo) – acceso libre

DIRECCIÓN XERAL FUNCIÓN PÚBLICA

CONSELLERÍA DE FACENDA